

Sementeira de ronseis, Teresa López

Armando Requeixo

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

REQUEIXO, ARMANDO (2011 [2001]). “*Sementeira de ronseis, Teresa López*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2000, 337-339. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/622>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

REQUEIXO, ARMANDO (2001). “*Sementeira de ronseis, Teresa López*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2000, 337-339.

* Edición dispoñíbel desde o 7 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

**Teresa López. *Sementeira de ronseis*
A Coruña: Espiral Maior**

Armando Requeixo

Nos últimos anos, a profesora e investigadora coruñesa Teresa López ten dado á luz varias monografías e ensaios fundamentais para o mellor coñecemento da nosa historia literaria. Obras como *Névoas de antano* (1991), *O neotrobadorismo* (1997) ou mesmo a edición cunqueiriana de *Rúa 26. Diálogo limiar* (1995) acreditan sobradamente a súa solvencia como avantaxada analista da nosa escrita de todo tempo.

Pois ben, nesta mesma liña de bo quefacer na recuperación e estudio da produción literaria galega de pasadas épocas publicaba no ano 2000 *Sementeira de ronseis*, escolma de “Cinco poetas da Vangarda” saída do prelo coruñés de Espiral Maior.

A obra, tal como avanza o seu subtítulo, recolle parte da produción lírica de cinco creadores da chamada “Xeración do 25”, etiqueta periodolóxica de ventureira fortuna no panorama crítico galego desde que a asumira Xosé Luís Méndez Ferrín no seu imprescindible *De Pondal a Novoneyra* (1984) téndoa tomado dun artigo xa clásico de Xesús Bal y Gay titulado “La generación gallega de 1925” publicado en 1954. E precisamente este último xunto con Johán Carballeira, Cándido Fernández Mazas (que asinaba os seus traballos poéticos co pseudónimo de Denys Fernandes), Emilio Mosteiro e José Otero Espasandín son os creadores dos que se recollen versos neste libro, que conta ademais cun documentado estudio limiar asinado pola propia editora.

A “Introducción” escrita por Teresa López figura dividida en catro amplos epígrafes: “Unha xeración de vangarda”, “De poetas”, “De poéticas” e “A edición”. No primeiro deles abórdase a cuestión da autoconciencia xeracional que singularizaba os cinco mozos antologados e algúns outros daquel tempo, os cales mantiveron unha

aceda oposición tanto estético-literaria coma identitario-ideolóxica respecto dos mestres da xeración precedente, a dos homes de Nós, e dentro destes especialmente co que foi o ideólogo maior do nacionalismo galego daqueles anos, Vicente Risco. Esta nidia diverxencia cos postulados risquianos foi facéndose cada vez maior ó longo dos anos 20 e primeiros 30, de tal xeito que boa parte da explicación ó feito de seren catro dos cinco autores escolmados poetas sen poemario hai que procurala, xustamente, neste xaque que os *vellos* —con Risco á cabeza— deron ós *novos* de ideoloxía e estética rebeldes. É evidente, pois, que o antivanguardismo que Risco e os da súa contorna alentaron cercenou, en boa medida, a posibilidade dun desenvolvemento pleno da vangarda galega, tal e como explica nestas páxinas con acuidade a autora.

A segunda das seccións nas que figura partillada a introducción, “De poetas”, céntrase en dar a coñecer aqueles foros xornalísticos nos que estes cinco poetas (e algún outro) apareceron escolmados ou foron maiormente presentados como unha nova forna de creadores que, co seu anovador xeito de entender o fenómeno lírico, ían revolucionar o obsoleto e decimonónico panorama poético da Galicia dos anos 20.

En páxinas seguintes, Teresa López ocúpase de trazar unha breve sinopse biográfico-creativa dos autores, que pecha logo co capítulo titulado “De poéticas”, onde analiza reveladoramente as claves compositivas do universo lírico encerrado nos versos dos autores escolmados.

Finalmente, no epígrafe “A edición” a antóloga dá conta dalgúns traballos críticos anteriores ó seu libro nos que se recollera obra dalgúns dos cinco creadores e explicita cales foron os criterios de reprodución textual seguidos á hora de fixar os poemas da súa selecta, uns criterios, ó meu ver, respectuosos cos textos orixinais, proporcionándonos así a regalía de revisitar estes versos dos anos 20-30 practicamente tal e como foron daquela concibidos.

Ora ben, malia a indubidable calidade analítica e expositiva das páxinas que acabo de describir —cheas de intelixentes comentarios que axudan grandemente a iluminar un período e uns autores sempre necesitados de certas revisións—, non deixan de sorprenden neste traballo algunhas ausencias nas precisións biográficas, bibliográficas e ecdóticas que, sen afectar directamente á excelencia do conxunto, si afean un tanto o, por outro lado, acabado labor da editora. É este o caso, por exemplo, da mudanza na data de nacemento de Jesús Bal y Gay, a quen se presenta como nado en Lugo en 1906 (p. 23) cando en realidade veu ó mundo o 23 de xuño de 1905; ou da falta de concreción nos datos natalicios e de pasamento de Emilio Mosteiro, do que só se apunta “Fonmiñá, Lugo?, 1907?-Madrid, a. 1959?”, información nada exacta para un ensaio rigoroso coma o presente.

Do mesmo xeito, o lector especializado tamén tería agredido saber a historia hemerográfica completa dos poemas reproducidos, que só nalgúns casos se citan con variantes ecdóticas (e non en todos, pois de “Marinhas” de Carballeira só se ofrece a versión publicada en *Céltiga* o 10 de xullo de 1927, habendo unha anterior aparecida no *Faro de Vigo* do 20 de marzo de 1927 coa que mantén abondosos cambios, como o trastocamento de estrofas, a refactura de versos enteiros ou mesmo a supresión de varios deles). De feito, o detalle desta información tería axudado á editora a confirmar a importancia da obra dos autores no contexto da poesía de preguerra, tal e como o avalan as numerosas reproducións xornalísticas dos seus versos. Pola contra, as poucas noticias dadas neste sentido déixannos sen saber de moitas das colaboracións peiodísticas (en verso e tamén como articulistas) dos cinco autores antologados, quedando así a súa radiografía biobibliográfica e epocal menos nítida, máis esvaecida.

Por outra banda, coincidimos coa editora en que, en liñas xerais, os cinco creadores aquí recuperados foron ata os nosos días “ignorados ou esquecidos” e que “a ausencia de edicións da súa poesía en formato libro é a razón principal do descoñecemento, no seu tempo e, en maior medida, na actualidade” (p. 18). Mais o anterior non explica que a autora lembre e cite algúns traballos de estudio e compilación previos e esqueza outros. Con xustiza, Teresa López amenta proveitosas contribucións de X. M. Millán Otero sobre J. Carballeira (no *Boletín* do BNG de Bueu de abril do 1994), de X. Alonso Montero como actualizador de tres poemas de Bal y Gay aparecidos en *Descubrimiento* (na súa monografía *Luís Pimentel. Biografía da súa poesía*, Vilaboa-Pontevedra, Edicións do Cumio, 1990) e de Armando Fernández Mazas sobre o seu irmán Cándido (así, *Vida y obra de Cándido Fernández Mazas*, Ourense, Ediciones Andoriña, 1990). Sen embargo, o feito de non mencionar outros interesantes traballos sobre estes autores realizados nos últimos tempos desfigura, coido, a verdadeira recepción incipientemente actualizadora das súas figuras. E refírome a traballos tan directamente relacionados co labor presentado en *Sementeira de ronseis* como a reprodución do poema “Carton” de Bal y Gay por Claudio Rodríguez Fer no seu artigo “O blues na vangarda luguesa”, *Diario 16 de Galicia*, 6-VII-1990 (logo recollido no seu volume compilatorio *Acometida Atlántica*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1996, pp. 239-41, poema este que é incluído na súa escolma por Teresa López), como o libro de Xesús Portela, *Johán Carballeira* (Vigo, Ir Indo, 1997), como a amplísima antoloxía coordinada por Arturo Sánchez Cidrás baixo o título *Johán Carballeira. Cartafol de poesía* (publicada en 1996 como número especial da revista escolar *O Candil*, do Colexio Público A Pedra de Bueu), como o memorable artigo de Ánxel Fole “Poetas gallegos olvidados: Emilio Mosteiro” (texto publicado en *El Progreso*, 6-VI-1976 de onde a editora podería ter tirado decisivos datos cos que completar a súa esquemática biografía sobre o autor), como a monografía *El periodismo de Fernández Mazas* tamén da autoría de seu irmán Armando (libro que na súa parte de escolma dedicada ó “Periodismo poético-literario” reproduce incluso dous poemas de Cándido que aparecen novamente na edición que comento), como os escritos tan rendibles para a biobibliografía de Bal y Gay debidos a Antón Buxán (“Jesús Bal y Gay. El músico y el hombre”, *Abrente*, 13-15, 1981-1983, pp. 203-235) e Juan Antonio Díaz (“Recuerdo y vindicación de Jesús Bal y Gay”, *Ferrol Análisis*, 14, 1999, pp. 110-3), ou, en fin, como o preciso artigo de X. M. Millán Otero “Johán Carballeira. Crónica dunha vida inconclusa” (*Os mártires do 36. Especial A Nosa Terra-A Nosa Historia* 7, xullo de 1996, pp. 4-9, texto este no que, como ilustración, volve reproducirse o poema “Marinhas” que Teresa López escolma).

A pesar do dito, estou persuadido da importancia decisiva que a antoloxía *Sementeira de ronseis* de Teresa López supón na necesaria recuperación da vida e a obra de Xesús Bal y Gay, Johán Carballeira, Denys Fernandes, Emilio Mosteiro e José Otero Espasandín. Neste senso, a substantiva contribución da estudiosa coruñesa vén sumarse ás recentes de Javier Arias Bal (*Jesús Bal y Gay*, Santiago, Xunta de Galicia, 2001), Xosé Anxo García López (“Un poema para dous aniversarios: Otero Espasandín canta a Amado Carballo”, *Dorna* 27, maio de 2001, pp. 137-49) ou Xosé Manuel Millán Otero (*Johan Carballeira. Páxinas galegas*, Vigo, A Nosa Terra, 2000), coas que comparte un idéntico afán por dignificar a produción destes autores esquecidos, creadores dunha obra orixinalísima que durmía a longa e amnésica noite das hemerotecas. Por iso haberá que agradecerlle sempre a Teresa López que os devolve á luz, onde todos podemos novamente gozar da súa lectura e perdernos, en visos, na maxia vangardista dos seus versos.